




Redes cristiás: rebeldía con causa



A foto que fala

O primeiro ministro portugués Passos Coelho vota nas municipais do 29 de setembro. Histórica derrota do PSD que por primeira vez dende 1979 non goberna en ningún dos catro maiores concellos do país: Lisboa, Porto, Sintra e Gaia.



O trasno A Abramos un fío de debate

Daniel López Muñoz



Francisco segue a dicir cousas con moito sentido común, que é o menos común dos sentidos; e con moito sentido evanxélico, que é o menos dogmático dos susoditos. E, ademais, di cousas que xa se dixeron neste humildísimo medio que se chama *Irimia*. Por exemplo, acaba de espetar algo así: *a Igrexa estivo demasiado enleada en cousas que non eran as importantes*.

Pois si. Eran as cousas que lle preocupaban, de maneira practicamente excluyente, a certos purpurados “gardíans do depósito” e a unha ruidosa

minoría de católicas e católicos papalátricos. Eran temas sempre escollidos, escorados de estribor, obsesións da dereita sociolóxica para apropiarse da etiqueta católica e anestesiar o potencial transformador e, de seu, inconformista e esquerdo do cristianismo xenuíno.

No menú de efectivas preocupacións episcopais, cruzamos un aburrido deserto. Un fastío infame, casposo, tenebroso. Catro pratos: O sexo, o homosexo, a interrupción das consecuencias do sexo e, por último, a familia, a poder ser, asexualada. Ben, e a escola, para reproducir o menú. Un menú de tortilla con ovos e de ovos con tortilla. E sen cebola. Por certo, a pederastia non estaba na lista de preocupacións.

Eran as *roucobsesións*. E filtrábanse nos cerebros episcopais, esvaraban mitra abaixo e coábanse polos poros alopécicos, transmutando a materia gris en materia especialmente gris.

Pois botémoslle unha man. Concretemos esas outras cousas que si deberían estar no primeiro plano das preocupacións dos pastores con cheiro a

ovella. E propoñamos menús onde os amigos Mateo, Marcos, Lucas, Xoán e Magdalena, teñen moito dito e moito por dicir.

Comezo eu: a fraude fiscal masiva, un roubo infame a eses servizos públicos e pensións que salvan a vida dos pobres; a corrupción dos partidos cando gobernan as administracións, instaurando unha cultura do enriquecemento ilícito e inxusto; os valores implícitos a unha cultura do consumismo depredador, interesada en manter a xente adolescente e caprichosa tanto tempo como sexa posible; a violencia dos machos, tantas veces “comprendida” polos machos sagrados; os salarios dos banqueiros, dos executivos, dos brokers, de toda a farándula que especula co aforro dos traballadores;

Se hai alguén aí lendo este trasno, que o continúe, enviade as vosas ideas para o novo MPE (Menú de Preocupacións Episcopais) ao noso correo electrónico: asoc.irimia@gmail.com

Podemos, así, mandarlle unha cartiña ao noso irmán Francisco, para que non se sinta só.

Editorial Arde o parlamento?

A puñada de Beiras na mesa de Feijoo no mes de abril foi un polémico símbolo e unha marca de estilo. Un parlamento está para expresar a pluralidade e o conflito – así o defendemos daquela- e non vale montar escándalos farisaicos sobre supostas malas formas ou maneiras cortesias de exercer a oposición. Un parlamento ten que ser vivo, e na vida hai episodios así. O tema, ademais, non era precisamente irrelevante: todo un presidente caneando unha situación insólita nunha democracia, facendo equilibrios imposibles unha vez acreditada a súa estreita amizade cun narcotraficante, unha vez que quedaba claro que, naquela loita, estivera deixándose querer polo bando equivocado, xusto cando se perdía en Galicia toda unha xeración.

Outra cousa é converter o episodio en norma. A énfase reiterada, o barullo barato, así sen xeito nin traza, termina por parecer unha sobreactuación, unha esaxeración. E pode que alguén empece a preguntar se detrás hai algo, se se está tecendo ou non unha alternativa de goberno.

Ser oposición é un traballo duro: ademais de acenos simbólicos hai que traballar os temas

Que un debate sobre os lumes, a política forestal, o futuro do rural, se embarranque nunha discusión sobre quen dos dous é máis ignorante. Que se chegue a producir a situación insólita de que os catro grupos parlamentarios pidan “o amparo da presidenta”. Que se traslade á cidadanía a impresión de que non hai debate serio de propostas distintas

e alternativas, de que máis ben todo é unha inmensa perda de tempo, enerxía e recursos públicos. Cousas así producen o abraio dos contribuíntes, das mulleres en paro, dos rapaces que fan a maleta para emigraren. Cousas así favorecen o descrédito e o escepticismo, esa falta de fiúza na política que tan bos resultados dá, elección tras elección, ao partido que actualmente goberna.

Ser oposición é un traballo duro. Ademais de acenos simbólicos –para os que tamén hai que ter estilo e sentido da medida- hai que traballar os temas, sobre todo os delicados e os estratéxicos. O dos incendios é un deses temas. Hai moito en xogo. E había materia de sobra –aínda que só fose lembrando a estratexia forestal do bipartito- para demostrar e trasladar á cidadanía unha diferenza entre goberno e oposición. Fíxose ruído, barullo, e os focos se puxeron no ruído e nos piropos. Do demais, se houbo algo realmente serio, non soubemos nada.

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Cando eu era neno escoitaba dicir de cando en vez que había que rezar polas intencións do Romano Pontífice. Eu, que era moi piadoso, rezaba pero sen saber moi ben que era iso. Eu agora quero pedir aos que ledes isto que o fagades. O Papa Francisco está comezando a dicir e facer cousas que son interesantes. Dá gusto o tiron de orellas que lles deu aos relixiosos e relixiosas: “Queridos relixiosos e relixiosas: os conventos baleiros non deben servir á Igrexa para transformalos en aloxamentos enganarcartos. Os conventos baleiros non son nosos, son para a carne de Cristo, que son os refuxiados”. Tamén é fermoso que fale

cos teólogos da liberación ou que estea a pensar en reformar cousas que na vida dos cristiáns de a pé non tiñan sentido (p. ex. comunión aos divorciados e que volveron casar).

Se cadra algúns agardabamos cambios máis rápidos e notables pero hai cousas que custan moito mover. Baguiño a baguiño fixo unha vella unha pipa de viño. Este Papa ten boa pinta. O máis notable é ver como sectores conservadores están moi nerviosos. Un “Noso Pai” polas intencións do Romano Pontífice que como di Sor Lucía Caram: “O Papa iniciou un camiño ao Evanxeo dende a normalidade”.

1



3



2



4



A peneira

1

Brasil acusa de espionaxe a **EUA**. Igual pasara no xuízo do Plan Cóndor, sobre a participación na trama das ditaduras latinoamericanas que matou exiliados noutros países. O horror comezou en CHILE (11s, 1973). Na foto, na CIG en Vigo, os avogados das vítimas, C. Slepoy e Susana García, filla de desaparecidos.

2

No San Froilán imos mergullarnos na fervenza dos sentidos co "Canto das espigas" de Maruxa Mallo, a pintora vangardista de Viveiro, participando no I Congreso **XENERO**, Museos e Arte en Lugo. Será o 11, un reflexo da súa aposta pola estética feminina nun mundo discriminatorio.

3

Na festa de **FRANCISCO** de Asís viaxamos a Pontevedra e gozamos da Igrexa que lle dedicaron na Praza da Ferrería. Unha cidade que valora o patrimonio, porque non se pode apreciar o que non se coñece. Mentres, laiámonos do peche do Convento de Herbón, un fito da nosa arte.

4

O Instituto de Estudos **MIÑORANOS** publica a revista anual, unha achega rigorosa do patrimonio do Val Miñor. É unha fortuna que haxa veciñ@s que dedican recursos e vontade a compartir achados, coma os Institutos de Estudos Chairegos de Vilalba, os de Viveiro, Sarria...

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

A avicultura ocupa a **5000 persoas** en 800 granxas, agora acosadas polo trato ilegal de comercios que tiraron os prezos, coma talismán para os negocios. A Granxa Campomaio de Palas (600.000 galiñas), unha das que produce máis ovos, está a volver a sementar cereais (60 has. de trigo) para pensos, e así abaratar a produción.

6

A españolización de **NGB** arrebatou o 12% da nosa riqueza. No 2012 xerou 3,7% do PIB, co 40% do negocio financeiro. A banca espoliou máis de 30.000 primeiras vivendas e 38.778 segundas (864 entre nós). O goberno inxectoulle 24.000 millóns. O 46% dos préstamos van a Madrid e Barcelona.

7

O fotoxornalista Delmi Alvarez (Vigo 1958) mándanos esta foto denuncia da súa convivencia co terror que están a sufrir **3000 veciñ@s** de leirissós (Grecia). Vense perseguid@s pola policía, a causa da súa oposición a unha mina de ouro nun bosque, na que queren utilizar cianuro e outros produtos tóxicos.

8

O crego obreiro **Periko Solabarria** é procesado aos 83 anos con 6 mozos de Ernai neste acoso aos dereitos dos pobos, "por *enaltecer o terrorismo*" na homenaxe ao expreso Ángel Figueroa. Deputado da esquerda nacionalista, a reitoral foi escola sindicalista clandestina para USO, CCOO...

- ☎ 27891 CERYO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com
- ☎ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 02 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com
- ☎ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com
- ☎ Rebl, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com
- ☎ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com
- ☎ Conde Aranda, 2
28001 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galcriamadrid@sargadelos.com



- ☎ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28
- ☎ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com
- ☎ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es
- ☎ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com
- ☎ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18
- ☎ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com
- ☎ Conde de Fenosa, 39
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86
- ☎ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espirolde@yahoo.com
- ☎ Calvo Sotelo, 8
36580 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@astrada.com

Política Puto país

Pedro Pedrouzo Devesa

Marta conseguiu unha beca en Bélxica, a Jes ofrecéronlle traballo na India a partir de novembro, Iago leva meses a bordo dun cruceiro e tivo que voar ata Asia para embarcar, Jose leva anos traballando en China para unha empresa francesa e Pepe foise aos Estados Unidos. Neste país só temos traballo os funcionarios e os que se “saben mover.” Temos a ministra de Traballo posiblemente máis inútil da democracia e Rajoy pretende tratar a Bloomberg coma se fose un xornal doméstico máis deses que diariamente nos desinforman de forma tan completa.

Non entendo ao Partido Popular. Nun momento no que o ten tan sumamente doado cunha oposición incapaz de aportar algo útil á nosa sociedade, o PP segue apostando por demasiada xente mediocre, cando non declaradamente incompetente. Tradicionalmente un alto cargo inútil nace como recompensa ao seu virtuosismo en campaña. Co fácil que é para o PP gañar hoxe unha elección, debera centrarse máis na elección dos seus xestores que na dos seus electores.

E mentres, o país cuspe diariamente aos máis preparados, despois de facer o histórico esforzo de afrontar as primeiras xeracións masivamente tituladas. A Galicia atragántaselle a preparación. Estamos nunha sociedade tercamente doméstica que prefire antes ao coñecido que ao preparado, que leva a lóxica da feira á organización da empresa, cando non comete barbaridades políticas e económicas como a xestión de Alimentos Lácteos, unha das grandes desgrazas que pasarán ao acervo da incompetencia popular para afrontar a modernización agraria deste país.

As previsións demográficas para as vindeiras décadas xa nos avisan do futuro perfecto que nos espera: o despoboamento de todo o noso rural.

Puto país, incapaz de reconecer que unha sociedade sa só se pode construír contando cos seus profesionais máis preparados. Preferimos aos nosos, aos máis próximos, aos que pensan coma nós. Mal endémico da política galega sexa cal for a súa ideoloxía. Doado diagnóstico: morreremos ben acompañados, a gusto, pero morreremos.





O peto común O primeiro traballador social

Teresa Souto

Damos a benvida ao outono, agardando que nos refresque e que adorne as nosas paisaxes con tons ocres, mostazas e marróns, co sabor doce do reencontro para as persoas que puidemos acudir á Romaxe de Santa Uxía de Lobás, e xa van XXXVI.

Aló puidemos gozar do encontro, da acollida con pan e viño, da celebración, da música da Quenlla, da oración e do xantar compartido. Mágoa polas persoas que por diversos motivos non puideron acompañarnos, botáronse en falta, mais estaban presentes alí onda nós, bailando a Rumboia, cantando o himno, alzándose no berro seco...

E foi unha ledicia, un gozo compartido a nosa presenza, a das mulleres na celebración, con María, Marta, Magdalena, con Rosalía, María Soliño e outras moitas mulleres de onte, mulleres de hoxe. Mulleres que dan testemuño da proximidade de Xesús, da súa crenza e fe nas persoas. Ás veces, entre compañeiras xorde a pregunta: *E ti, como é que cres en Xesús?* E gústame respostarlles: *Por que creo que foi o primeiro traballador social da historia, altruistamente, xenerosamente, dende o corazón estaba preto da xente marxinada, das persoas con discapacidade, das persoas empobrecidas, das mulleres en situación de desigualdade, das persoas que padecen e sofren, sen metodoloxías, nin regras, co bo facer de quen cre e ama o que fai.* Claro está que é unha visión algo idílica e utópica do traballo social,

e pensando non na profesión, senón na esencia e na ideoloxía de atender, escoitar e acompañar as persoas que por tan diversos motivos están á marxe do imposto pola sociedade, sen vulgar, sen impoñer ideais e sen caer na beneficencia, senón crendo no valor das persoas como iguais. E ese labor é desenvolvido ao longo da vida, por moitas persoas que seguen o seu exemplo, moitos crentes, outros laicos, persoas que cren na humanidade.



O CARRABOXO por KOBÉ LOIS



Entrevista

“Redes Cristiás amosou que
“outra igrexa é posible”.

J.A. Martínez



A representación galega foi moi importante de a I Asembleas

Entrevistamos a Josecho Barca e falamos sobre a celebración da IV Asemblea de Redes Cristiás. Este compostelán, profesor de ensino secundario, forma parte do equipo de representantes que coordina Redes Cristiás no Estado español. Na actualidade está a traballar intensamente nos preparativos previos á celebración da súa IV Asemblea, o que nos permite falar sobre este encontro e os seus obxectivos.

Os próximos 6 e 7 de decembro vai ter lugar a Asemblea de Redes Cristiás en Santiago. Tal como indica o lema incidides no tema da rebeldía. Vedes que é posíbel animar a rebeldía social?

Cando buscamos o lema para esta IV Asemblea atopámonos cun contexto de profunda crise económica e social: elevadísimo nivel de desemprego, recortes en educación, sanidade, servizos sociais... E o que é peor, o intento de facernos crer que as cousas son así porque teñen que ser así. Ante iso, e xunto a moitos outros colectivos que están a espertar á sociedade, nós que-

que un grupo de colectivos e persoas tiveron a iniciativa de crear estas Redes e convocar a primeira asemblea. Como avanza o proxecto de Redes Cristiás?

O proxecto de Redes Cristiás botou a andar alá polo ano 2006 co obxectivo de coordinar a igrexa de base a nivel estatal dende uns principios que quedaban recollidos na súa Carta de Identidade.

Ao longo deste tempo foise consolidando a súa implantación, a través dos representantes das diferentes zonas e dos movementos con ámbito estatal, cunha estrutura de rede que nos permite estar unidos pero que respecta os ritmos e formas de facer de cada un dos colectivos que a forman.

Avanzouse tamén na organización interna e nos pronunciamentos públicos sobre diferentes problemáticas tanto de ámbito social como eclesial. Creo que isto foi facendo que Redes conseguise amosar que a Igrexa non é só a xerarquía, que hai crentes que pensan e viven doutra maneira e se convertese nunha referencia á hora de falar de “outra Igrexa posible”. Penso que, ata o momento, esa está sendo unha das maiores achegas de Redes á sociedade e á Igrexa.

Pero queda aínda moito por facer en canto a mellorar a coordinación a nivel local, o desenvolvemento de accións conxuntas e, algo que temos ultimamente moi presente, a necesi-

hai outra forma de facer as cousas,
dando prioridade ás persoas

remos dicir que NON. Que hai outra forma de facer as cousas, dando prioridade ao realmente importante que son as persoas e que non aceptamos que a única solución sexa a dos recortes.

Dende o noso seguimento de Xesús temos que denunciar e tratar de cambiar as realidades de inxustiza. Dentro de Redes hai moito rebelde e non se trata dunha “rebeldía adolescente” (a media de idade xa se encarga de demostralo), senón dunha “rebeldía con causa” e mantida no tempo.

Esta é a IV Asemblea de Redes Cristiás. Van alá máis de 6 anos dende

dade de colaboración con outras redes a nivel internacional.

Madrid, Bilbao, Xerez e agora Santiago de Compostela. Semella que na elección dos lugares de celebración das diferentes asembleas tivose en conta achegarse á pluralidade do Estado español. Como está a implantación de Redes Cristiás ao longo do Estado?

Si, intentamos facer unha clara aposta pola descentralización e polo respecto cara á diversidade. Sempre é máis fácil facelo todo en Madrid pero acordamos facer o esforzo por desprazarnos e así ir coñecendo máis de cerca a realidade de cada zona. Aquí, despois de varias “invitacións”, a Coordinadora de Crentes Galegas aceptou o reto de organizar a IV Asemblea e niso estamos a traballar.

En canto á implantación de Redes, nestes momentos temos representación de case todas as Comunidades Autónomas e de varios movementos a nivel estatal. O que é bastante desigual son as redes locais que hai despois en cada territorio. Hai zonas nas que esta rede está moi organizada porque xa levaban anos traballando na coordinación, e outras nas que aínda queda máis por facer. Pero, en xeral, estamos bastante satisfeitos do conseguido ata o momento e, os que levan máis anos nestas loitas, din que nunca se conseguira este grao de coordinación a nivel estatal.

A IV ASEMBLEA

“Mudando realidades, provocando rebeldías con Xesús de Nazaré? Con que se van atopar as persoas que decidan participar desta asemblea?”

Aínda que mantemos o nome de Asemblea, porque si hai unha parte de carácter máis asembleario, realmente o que facemos é un encontro aberto a todos os colectivos e persoas da igrexa de base que quixeran participar.

A parte de traballo comeza o venres pola tarde pero, para aqueles que xa cheguen o día antes, pola mañá ofreceremos unha visita polo casco

Na Asemblea o traballo en obradoiros fomenta a participación e o compartirmos as nosas inquiredanzas

vello de Santiago para ir xa facendo ambiente. Á tarde, a partir das 16:30, comezaremos cunha presentación e motivación inicial que nos sitúe no lema e no contexto no que estamos a vivir. Despois comezarán as sesións de obradoiros que continuarán na mañá do sábado e que rematará cun acto público que estamos a preparar.

Xa o sábado pola tarde teremos a Asemblea de Redes propiamente na que se dá conta do feito nestes últimos dous anos e se propoñen as liñas de traballo de cara ao próximo bienio. E remataremos a xornada celebrando xuntos a nosa fe.

Como podeis ver, para ser día e medio, é un programa ambicioso que non se podería levar a cabo sen a colaboración dos colectivos que forman Redes pero, neste caso especialmente, de todas as persoas da Coordinadora de Crentes e doutros grupos que están axudando a que todo isto poida saír adiante.

Ademais da Asemblea propiamente dita de Redes Cristiás, o programa xira arredor da realización dunha serie de obradoiros. Por que apostades por esta metodoloxía?

Dende a primeira asemblea vimos utilizando esta forma de traballar a través de obradoiros porque, aínda que tamén ten as súas limitacións, permítenos que cada colectivo poida compartir as súas inquiredanzas e, sobre todo, que a Asemblea sexa máis participativa xa que os obradoiros non son “charlas dun experto” senón dinámicas nas que, orientados por unha persoa que coordina, se vai facendo todo entre todos.

Coma nas anteriores tres edicións, os temas dos obradoiros abordan temas que un cidadán medio non identificarían cun encontro de grupos de Igrexa. Por que esa insistencia nos temas sociais?

Porque son temas que nos preocupan e nos que os colectivos que forman Redes están comprometidos. Sempre tratamos de que os obradoiros vaian, na medida do posible, relacionados co lema da asemblea pero buscamos tamén que as persoas que os coordinan estean realmente implicadas na realidade que estamos a tratar.

Aínda así tamén hai obradoiros como o do Chamamento ao Pobo Cristián,

A Asemblea sae á rúa cun acto público. Xerez, 2011.



J.A. Martínez



Cartaz da IV Asemblea de Redes Cristiás

Transformando a Teoloxía das Comunidades, a experiencia da comunidade do Cristo da Victoria... que si teñen un carácter máis eclesial.

As consecuencias da crise están presentes no programa da Asemblea: desafuzamentos, defensa do público, rexeneración política. Que poden propor os colectivos de Redes Cristiás ante estes problemas?

Non sei se podemos propor algo novo, xa se verá o que sae nos obradoiros. O que si teño claro é que hai moitas persoas e colectivos que forman Redes que están moi implicados

Cómpre buscarmos a forma de achegarnos a outros grupos e persoas que andan por aí máis “dispersos”

nestas e noutras realidades. Analizando as respostas ao documento previo de traballo que enviamos para preparar esta Asemblea e no que trababamos de facer un “mapa de compromisos” é increíble a cantidade de realidades nas que se está presente. E penso que ese é o camiño, estar apoiando e animando as iniciativas que están a xurdir por todas partes.

A chegada do Papa Francisco parece que mudou a percepción social da Igrexa. Estanse a dar debates intensos entre os diferentes grupos eclesiais. Parece que a Igrexa que vamos vivir non é a mesma na que xurdiu Redes Cristiás. Credes que estes debates se van dar dentro da vosa Asemblea?

É verdade que o momento non é o mesmo. Por sorte, hoxe percíbese unha maior ilusión e esperanza dentro dos grupos da igrexa de base porque estamos a ver e oír do Papa Francisco cousas que hai uns meses eran inimaxinables.

Dentro de Redes creo que xa se están dando eses debates. Está claro que todos estamos máis a gusto nesta nova situación pero hai colectivos, especialmente aqueles que están máis marxidados dentro da igrexa (grupos de homosexuais, de mulleres..) pero non só, que están reclamando que se poñan en marcha xa moitos deses cambios que parece que se están a intuír.

Persoalmente eu creo que dende a base temos que apoiar as novas iniciativas pero seguir pedindo os cambios que cremos necesarios para que a nosa Igrexa sexa máis igualitaria, máis humilde, máis libre e máis críble porque é de xustiza e é o que

vimos defendendo dende hai xa moitos anos. Parece que as intencións do novo Papa van tamén por aí pero a ver o que é capaz de facer ou o que lle deixan (que esa é outra...).

REDES CRISTIÁS E GALIZA

Malia os case 7 anos, Redes Cristiás aínda é un proxecto novo. Como está a súa implantación na nosa terra?

En Galiza foi algo máis fácil que noutros lugares do estado porque xa había funcionando dende os anos 80 unha estrutura como a Coordinadora de Crentes Galeg@s. Esta acordou integrarse en Redes dende o principio e asumir a dinamización do proxecto na nosa terra. Participamos dende os primeiros anos na Coordinadora de Redes e nas diferentes Asembleas sempre tivemos unha representación importante.

Neste momento eu creo que a cousa está un pouco parada. Participamos os grupos que normalmente asistimos ás xuntanzas da Coordinadora de Crentes e pouco máis. Sería necesario un maior compromiso por parte de todos os grupos que forman parte da Coordinadora e intentar achegarnos a outros que, sen estar formalmente nela, si comparten as nosas inquedanzas.

Un dos obxectivos fundacionais de Redes Cristiás era facilitar unha rede de unión a todos aqueles colectivos e persoas que crían que “outra Igrexa era posíbel”? Cales consideras que son os principais problemas para se achegar a novos colectivos?

Non é fácil. Cada un está moi pechado nas súas actividades, no seu día a día e as tarefas de coordinación con outros non sempre están entre as prioritarias. Aínda así, eu creo que os colectivos que nalgún momento participaron na Coordinadora de Crentes poderían intentar volver a implicarse porque creo que é un bo punto de unión e, entre todos, buscar a forma de achegarnos a outros grupos e persoas que andan por aí máis “dispersos” pero buscando esa “outra Igrexa posíbel”. Seguro que esta IV Asemblea de Redes Cristiás pode ser unha boa oportunidade de encontro e por iso vos convidamos a participar nela. Tendes toda a información na páxina web www.asamblearedescristianas.net.

Algúns protagonistas do profetismo

No século VIII a.C. profetizaron catro grandes: Amós, Oseas, o Protoisaías e Miqueas. A partir do século VII, profetizarán o Deuteroisaías, o Tritoisaías, Xeremías e Ezequiel. Imos tras eles.

Amós

No século VIII a.C., o territorio de Palestina estaba dividido en dous reinos, o de Israel ao norte e o de Xudá, ao sur.

Na metade deste século, despois de longos anos de sometemento e humillación, o reino de Israel coñece una etapa de prosperidade, baixo o reinado de Xeroboam II (794-753). Pero este benestar oculta unha grave corrupción social. As clases dirixentes enriquecían sen taxa, mentres crecía máis e máis a opresión dos pobres. Á decadencia moral engadíase un culto relixioso formalista e baleiro.

Arredor do ano 780, un pastor de ovellas e cultivador de figos en Técoa, cerca de Belén, no reino meridional de Xudá, sentiuse abrumado polo mandato de Iavé: “Vai profetizar ao meu pobo Israel?” Amós obedece, aínda que afirma non estar preparado: “Eu non son profeta nin fillo de profeta”. Amós experimentou o divino como una forza que o desposuíu ata de si mesmo. Era un desarraigamento, unha ruptura total. Amós non pronuncia as súas palabras, senón as de Iavé. O Profeta é un exemplo do que os gregos chaman “kénosis”, baleiramento. Amós está baleiro de si mesmo e séntese invadido por Deus, en apaixonada empatía. Esta complicidade converte o berro dun pastor nun “ruxido de león”, na ira de Iavé que enfrenta á corrupción dos poderes establecidos.

Os actos cultuais do templo, denunciados por Amós, son ostentosos e pervertidos pola introdución de elementos



orxiásticos cananeos. Nesta situación os desposuídos malvivían xunto aos arribistas e acumuladores de terras e edificacións. O luxo dos poderosos era un insulto para milleiros de empobrecidos. Os abusos eran bendicidos polas instancias relixiosas oficiais; quebraban as tradicionais institucións iavistas como o dereito de propiedade comunal da terra,

Os actos de culto que denuncia Amós son ostentosos e pervertidos

a igualdade diante dos tribunais e a prohibición de reducir a escravitude a un membro da comunidade de Israel. Amós, co estilo directo dun pastor, condenou a corrupción das elites, a inxustiza social, o ritualismo alleo a un compromiso de auténtica vida

espiritual, anunciando o castigo de Israel. Acusado polo sacerdote Amasías de conspirar contra Xeroboam, é expulsado do templo de Betel. Segundo o apócrifo “Vida dos Profetas”, foi ferido na cabeza por un fillo de Amasías e morreu.

Amós chama o pobo a profundar na idea da Alianza. Iavé, Señor de todos os pobos, escolleu a Israel como pobo testemuña no que reine o ben. Pero Israel non é fiel á Alianza e será castigado. “O día de Iavé” virá da man de Asiria. Unicamente un cambio radical e urxente pode salvar a Israel. Pero Amós non ve cambio ningún. No “Día de Iavé” haberá un duro castigo. Con todo, ese Día non é unha catástrofe final. Amós sabe que triunfará o designio de Deus para Israel. O seu libro remata coas palabras de esperanza mesiánica: haberá un “resto” de persoas xustas e unha resurrección nacional en torno a un descendente de David, o Cristo.

Lecturas de Amós:

Cap. 3, 9-11; Cap 5; Cap. 7, 10-15.

Vicenç Navarro

Hai un diagnóstico compartido con respecto á crise financeira actual: foi provocada polas malas prácticas, pola fraude e a cobiza da banca. Ao principio mesmo se falaba -fixoo Sarkozy- de refundar o capitalismo. O caso que o tempo pasa, e todo se está facendo para que todo siga igual. Un dos dogmas de esa inacción dos poderes que supostamente nos gobernan é que a banca pública non é unha boa idea. Por que? Non demostra precisamente a crise actual que iso que se chama a banca "sistémica" -é dicir, que se cae ela, caemos todos- é algo demasiado serio como para deixalo en mans de especuladores privados? Este artigo de Vicenç Navarro aparecido hai unhas semanas dá unhas boas pistas ao respecto.



Unha resposta inaceptable

A resposta que a banca dá a esta pregunta é que non hai demanda de crédito. É dicir, as empresas medianas e pequenas e as familias non están pedindo diñeiro prestado. Esta é tamén a réplica que o goberno español estivo a soste. E para soste tal explicación sinalan a baixa cantidade de solicitudes de crédito por parte das pequenas e medianas empresas e por parte das familias.

todos estes recortes puideron evitarse facilmente, creando unha banca pública con todo o diñeiro que se pagou á privada

Dita explicación, con todo, non se aguanta nin polos pelos. O feito de que non haxa máis peticións de crédito á banca débese ás condicións económicas que esta esixe, cuns xuros elevadísimos. E unha das razóns desta situación é que á banca non lle resulta rendible dar este tipo de empréstitos, que ademais considera arriscados porque sabe que a po-

boación está a perder capacidade adquisitiva, resultado do descenso dos salarios. A banca pode e fai moitísimo máis diñeiro comprando débeda pública a uns xuros desorbitados, que ofrecendo crédito. E todo iso cortesía do Banco Central Europeo, o seu lobby particular, que lle presta diñeiro aos bancos a uns intereses baixísimos (menos dun 1%), diñeiro co que compran bonos públicos que lles dan uns xuros altísimos (algo máis do 6% en 2012) no caso dos bonos españois. Hai que recoñecer que é un negocio redondo. O feito de que os xuros da débeda pública sexan tan altos débese a que o BCE non fai o que debería facer, é dicir, comprar bonos públicos, protexendo os Estados fronte á especulación dos mercados financeiros (é dicir, dos bancos). En consecuencia, o Estado está a recortar agora o gasto público (incluíndo o social, como sanidade, educación e un longo etcétera) para que poida pagar os exuberantes intereses aos bancos, e así obter crédito. Só este ano, o Estado español terá que pagar unha cantidade equivalente ao 3,86% do PIB en xuros á banca por lle pedir prestado diñeiro.

A banca privada sempre gaña

O que é escandaloso é que todos estes recortes puideron evitarse facilmente, creando unha banca pública con todo

o diñeiro que se pagou á privada. Sumando os xuros da débeda pública, máis os bonos que o Estado debe vender á banca para conseguir diñeiro este ano, resulta unha cantidade

no fondo está a enorme influencia que a banca ten sobre o Estado

nada menos que equivalente ao 19% do PIB, que o estado pagará á banca este ano. E que non se cree un banco público débese á oposición da banca, e dos seus lobbies, tanto o BCE como o Banco de España, a que iso ocorra. Pero a cousa é aínda peor. En realidade, o BCE non pode comprar bonos públicos do Estado español. Pero si que pode, segundo os seus estatutos, prestar diñeiro a xuros baixos, tal como fai á banca privada, ou a unha institución financeira pública, tal como o ICO, Instituto de Crédito Oficial. E fíxoo. Mais o ICO, segundo a propia normativa oficial (escrita pola banca privada a fin de protexer os seus intereses), non pode prestar diñeiro directamente. E ten que facelo, de novo, a través da banca privada. É dicir, o ICO dá diñeiro á banca pri-

vada para que esta preste diñeiro en condicións económicas ás empresas e ás familias, co cal estas se atopan co mesmo problema que citei antes. Non poden pagar os criterios abusivos que os bancos piden. Por iso é polo que dos 22.000 millóns de euros que tiña o ICO en 2012, só se gastou un 25% ofrecendo créditos, que, repito, só pode ofrecer a través da banca.

E para maior escándalo e bochorno, se cabe, deste 25%, a maioría ha ir a grandes empresas como Telefónica, Banco Santander e outras entidades que son as únicas que se benefician desta afluencia de crédito. E mentres tanto as empresas pequenas e medianas están a colapsar e estase a crear un enorme problema de paro. E as familias, endebadas até a medula, non poden saír do buraco. Os fillos destas familias con bolsas de estudos deixaron de recibilas porque é case imposible conseguir crédito. E a causa de todo iso é política. É dicir, é a enorme influencia que a banca ten sobre o Estado. Por iso é polo que os escraches deberían centrarse, non só na banca, senón nas institucións políticas mal chamadas representativas que non defenden os intereses da cidadanía senón dos grupos fácticos, tales como a banca, que os controlan. Así de claro.



O noso taboleiro

XXVIII Foro Encrucillada
www.encrucillada.es

La
Cuestión
de
DEUS

na nosa cultura: Alfonso Novo Cid-Fuentes (I.T.C.)
en R. Panikkar: Victorino Pérez Prieto (U.S.C.)
na teoloxía actual: Pedro Fdez. Castelao (U.P. Comillas)

Sábado, 26 de outubro 2013, de 9:30 a 19:00h.
Matrícula: 10€ Pazo de Congressos, San Lázaro, Santiago de Compostela

- 09:30: Acolida e matrícula.
- 09:45: Presentación do Foro, por Carme Soloso Blanco
- 10:00: *Onde está Deus na nosa cultura*, por Alfonso Novo Cid-Fuentes (ITC)
- 11:30: Descanso
- 12:00: *O concepto de Deus en R. Panikkar*, por Victorino Pérez Prieto (USC)
- 14:00: Xantar
- 16:00: Presentación libros.
- 16:30: *A cuestión de Deus na teoloxía actual*, por Pedro Fdez. Castelao (UPC)
- 18:00: Meditación con Víctor Naveira e Xaquín R. Pomares.

Os relatorios duran 1 hora e van seguidos de 30 min de diálogo.
Para o xantar, hai restaurantes nos arredores do Pazo de Congressos.

Asoc. Encrucillada. Travesa de Vista Alegre 21 1º C, 15705 Santiago
encrucillada@encrucillada.es www.encrucillada.es



IRIMIA

**Redes cristiás:
rebeldía con causa**

EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscripción@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



Boa Nova



ECO

Como estamos a tratar o pobo de Deus? Eu soño cunha Igrexa Nai e Pastora. Os ministros da Igrexa teñen que ser misericordiosos, facerse cargo das persoas, acompañándoas como o bo samaritano que lava, limpa e consola o próximo. Isto é Evanxeo puro. Deus é máis grande que o pecado. As reformas organizativas e estruturais son secundarias, quer dicir, veñen despois. A primeira reforma debe ser a das actitudes. Os ministros do Evanxeo deben ser persoas capaces de caldear o corazón das persoas, de camiñar con elas na noite, de saber dialogar e mesmo descender á súa noite e á súa escuridade sen se perder. O pobo de Deus necesita pastores e non funcionarios ou “cregos de despacho”. Os bispos, especialmente, han ser homes capaces de apoiar con paciencia os pasos de Deus no seu pobo, de xeito que ninguén ficar atrás, así como de acompañar o rabaño, co seu olfato para atopar sendas novas”.

“En lugar de sermos soamente unha Igrexa que acolle e recibe, mantendo as súas portas abertas, busquemos máis ben ser unha Igrexa que atopa camiños novos, capaz de saír de si mesma, indo cara a quen non a frecuenta, cara quen marchou dela, cara ao indiferente. Quen abandonou a Igrexa fíxoo ás veces con razóns que, se sen entenden e se valoran ben, poden ser o inicio dun retorno. Mais cómpre termos audacia e valor”.

Papa Francisco. Extracto da entrevista concedida a “La Civiltà Cattolica”. Setembro de 2013

A CLAVE

Fe e gratitude

Lucas lévanos con Xesús no seu camiño cara a Xerusalén. Despois de pasar un tempo en Samaría, continúa a súa viaxe cara ao norte, a Galilea, malia que a capital dos xudeus se atopa ao sur. E por terceira vez nos atopamos cun samaritano, que como xa acontecera na parábola do bo samaritano (10, 30-37), volve pór en cuestión as ideas sobre o “pobo elixido”. É un extranxeiro quen coas súas accións fai patente o Reino. Xesús camiña entre os excluídos da sociedade. A lepra, máis alá dunha grave doenza, supuña a separación e o illamento de quen a sufrían. Así o indicaba o Levítico: á doenza uníase a exclusión social e a impureza relixiosa. E Xesús diríxese a dez gafos que, boa mostra da súa fe, marchan como el lles indicara onda os sacerdotes para que certificasen a súa curación. Xesús sanda, mais como el insiste, é a “túa” fe a que salva. A fe sanda, a fe salva, a fe fai real o Reino. Este non é unha promesa escatolóxica, é a transformación que se produce ao entrar verdadeiramente en contacto con Xesús. Mais é só o extranxeiro quen camiña na actitude básica de quen proclaman conscientemente o Reino que Xesús anuncia: por riba de normas e rituais, dende a humildade, unha acción de grazas continúa.

J.A. Martínez

A PALABRA

DOMINGO 13 DE OUTUBRO. XXVIII DO TEMPO ORDINARIO

Lc 17, 11-19

Indo Xesús camiño de Xerusalén, mentres pasaba entre Samaría e Galilea, ao entrar nunha aldea, saíronlle ao paso dez gafos. Pararon ao lonxe, e dando voces suplicáronlle: “Xesús, Mestre, ten dó de nós”. El, ao velos, díxolles: “Ídevos presentar aos sacerdotes”. E aconteceu que cando ían para alá, quedaron limpos. E un deles, ao se decatarse de que estaba curado, volveu loando a Deus con grandes voces. E prostrándose, rostro en terra, aos pés de Xesús, deulle as grazas. Era un samaritano. Xesús dixo: “Non foron

dez os que quedaron limpos? Onde están os outros nove? Ninguén, fóra dun

extranxeiro, volveu para lle dar gloria a Deus?”. E engadiu: -“Érguete e vaite: salvoute a túa fe”.

Falando da lingua

Lidia e Valentina

O que non ten cabeza...
escusa sombreiro...



Vaia, vaia, cantas veces nos custa arrincar coa lingua, que parece que non se dá empezado a escribir, que a ver de que falamos para non falar sempre do mesmo...e desta volta os trasnos solucionáronnos o problema... Si, porque non sabemos que pasou, non foi só unha gralla que leva a pensar “Vaia, que despiste!?” Non! Referímonos ao noso artigo do número anterior... Para comezar, o título desapareceu, e non tería pasado nada, porque outras veces ten ido sen el, pero é que o título enganchaba co

pé de foto! E por riba de caldo..., sopas: o pé de foto foi mal escrito! Ten un espazo onde non é! O título era “Para carne, pan e viño...” e despois comezaba o artigo dicindo “El Carballiño...”; e o pé de foto debería dicir “E para polbo, tamén!?”

E os do Carballiño tamén pasaron quince días mal chamados: é **carballiÑés** el e **carballiÑesa** ela, con Ñ, e non con n, como se nos coou. Si é certo que tamén se pode falar dos e das **carballiÑenses**.

En fin, así tamén repasamos... E, xa postas, e como daquela falabamos de artigos, houbo un detalle para o que non tivemos espazo o outro día. Referímonos á segunda forma do artigo, á variante alomórfica -lo, -la, -los, -las (comer o pan /come-lo pan; ti comes a mazá /ti cóme-la mazá; véxoo todos os días/ tódolos días; fixémolos nós as dúas / nó-las dúas; ambos os dous / ámbolos dous son bos...). Queríamos dicirvos que aínda que na escrita se pode representar das dúas maneiras, na fala hai unha única pronunciación recomendable: a que reproduce a segunda forma. Isto vén a conto de que a nosa amiga Charo se queixou de que se estaba a perder esta pronunciación. E que o mesmo estaba a pasar en casos como “pan de onte” e “pan de hoxe”, que xa non se pronunciaba [pandonte] ou [pandoxe]... Efectivamente, en galego as palabras rematadas en -e perden na fala a vogal final cando van seguidas doutra palabra que comeza por vogal ou por h-. É unha pronunciación recomendable pero **non obrigatoria**.

A ver se desta volta os trasnos están a botar unha sesta ou nos dan unha tregua...

O Fachineiro do libro de Pepe

A humana fragilidade

Este é o título que Pepe Chao lle puxo ao número 5 da colección Angueira editado por *Irimia*. Hai tempo -con catro ou cinco libros na cabeza e dous ou tres no teclado- dixó que a súa publicación dependía da súa propia bioloxía. E parece que as ciencias biolóxicas lle están por cumprir o desexo. Hai un ano chegaba a nós aquel compendio de rigor e humor (coma toda a obra de Pepe) que é *Por aquí chégase a Galicia* (no que, por certo, podemos ler o rechouchío herdeiro daquel cantar do irimego cuxo espazo se ve agora usurpado por este fachineiro); agora ofrécenos *A humana*



fragilidade, que ve a luz mercé ao coidadoso traballo da Asociación Irimia. Nel podemos atopar algunhas das constantes nos traballos de Pepe coma a débeda ecolóxica, o psiquismo, as rupturas de nivel, a presunta lei natural, a invención de Satán ou o pecado para concluír que non hai moral cristiá. Con todo, chama a atención que un dos capítulos leve por título *E sentímonos culpables*. Home, Pepe, fala por ti, porque parece que iso de sentirse culpable -e moito menos, responsable- e un adxectivo que xa non vai coa especie humana.

A.Q.